



EXERCICIOS DE ATENCIÓN

PARA MANTER A ATENCIÓN E DESENVOLVER A CAPACIDADE DE ESCOITAR

- Facer bolas de plastilina de diferentes cores e que pinche cun palillo a bola do color que lle vamos dicindo.
- Lerlle un conto e cada vez que se repita unha palabra (ex..nenos) terá que facer un xesto (ex. levantar unha man).
- Temos a mesa posta pero falta algo (pan ou vasos ou tenedores...) e o neno ten que descubri-lo. Terá que estar acostumbrado a axudar a poñer a mesa.
- Facer o mesmo con obxectos da súa habitación ou do baño (ex. Retirar un coxín da cama, retirar o seu cepillo de dentes...) Ten que dicir o que falta.
- Traballar a observación: Poñer na mesa un cepillo de dentes e que descubra o erro.
- Dar ordes sencillas e que as cumpla. Manter o contacto visual co neno no momento de darlla e que repita o que lle dixemos.
- Buscar diferencias entre dous debuxos aparentemente iguais.
- Completar debuxos.
- Xogar con él con cartas, ao tres en raia...
- Mirarse no espello.
- Concentrarse uns minutos mirando un obxecto, un mural, un debuxo...Retirarllo e que recorde o que observou.
- Facer construcións, rompecabezas, puzzles...
- Observar un debuxo con formas xeométricas (cuadrado, triangulo, circulo...).Retirarllo e que o reproduza.
- Colocar ante él varios obxectos, darlle uns segundos para observarlos. Mandámolo pechar os ollos e cambiamos a colocación de algún. Que el o coloque como estaba.
- Dicir nomes, letras, ou números soltos e logo pedirlle que os repita.

-Memorizar algunha poesía pequena, algún refrán ou algunha canción infantil.

-Construir frases engadindo cada vez un elemento. Ex. Luis come, Luis come unha mazá, Luis come unha mazá verde,....).

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN